

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, de data 17 de xaneiro de 2025, relativo á concesión dunha axuda de emerxencia social por importe de 583,00 euros ao beneficiario descrito no informe social do expediente SIUSS 3130 para atender ao pago de axudas de uso e mantemento da vivenda.

En uso das facultades concedidas nos artigos 184, 185, 186 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como nos artigos 59 e seguintes do Real Decreto 500/90, esta Alcaldía, visto o informe de intervención, acorda:

Primeiro.

Levantar o reparo interposto por intervención en data 04/02/2025

Segundo.

Que se autorice, dispoña e recoñeza un gasto por importe de 583,00 € correspondente á subvención directa de emerxencia social, aplicación orzamentaria, 231-48 Acción Social. Emerxencia social.

Terceiro.

Que se traslade a presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería do Concello.

Cuarto.

Dar conta do presente Decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.

O Alcalde,
Roberto José Alvarez Carrero

Documento asinado dixitamente á marxe

